

## **ACORDO DE CLUBES DE DORNAS. 29 DE OUTUBRO DE 2.000.**

Dice:

### **“REGULAMENTO DE RELACIÓNS ENTRE OS DISTINTOS CLUBES, ASOCIACIÓNS E AGRUPACIÓNS DE REGATISTAS, EN REFERENCIA A CLASE “DORNA””.**

O presente regulamento, ten como obxecto que as representacións dos distintos clubs, asociacións e agrupacións de regatistas teñan un maior carácter democrático para a toma de acordos, decisións, actuacións, calendario, etc. nos que participen os representados da clase “Dorna”, e o mesmo tempo sirva tamén como incentivo de crecemento dos distintos clubs, asociacións e agrupacións de regatistas.

#### **ARTIGO 1.**

Establecese o sistema de voto ponderado, donde cada clube, asociación ou agrupación de regatistas terá un número de votos en función das súas dornas participantes e cos seus tripulantes debidamente federados.

#### **ARTIGO 2.**

Estableceráse un censo de regatistas de clase. Donde para ser incluído en dito censo, cada dorna terá que haber participado en alomenos dúas regatas do “calendario oficial de regatas da FGV”.

Estas dúas regatas deberán ser organizadas polo clube ou asociación distinta a que pertencen a dorna.

#### **ARTIGO 3.**

O censo estableceráse polos distintos representantes nunha reunión celebrada anualmente, o secretario da clase “Dorna” aportará a documentación das distintas regatas que os distintos clubs ou asociacións remitan a FGV. sobor das súas regatas celebradas no ano anterior. O secretario da clase, actuará como secretario da reunión, levantando acta firmada polos distintos representantes, despois das deliberacións levadas a cabo na antedita reunión.

#### **ARTIGO 4.**

Os votos establecéanse da seguinte maneira:

As primeiras dúas dornas	1 voto
As seguintes tres dornas	1 voto
As seguintes catro dornas	1 voto
As seguintes cinco dornas	1 voto
Así sucesivamente.	

## **ARTIGO 5.**

En ningún caso, un clube, asociación ou agrupación de regatistas, anque teña maioría absoluta non será vinculante para a toma de acordos, si alomenos non conta co apoio doutro clube, asociación ou agrupación de regatistas.

Se aproba o presente regulamento na reunión celebrada na A.C.D. Dorna da Illa de Arousa con fecha vintenoventa de outubro de 2000.

Asisten os representantes dos clubes e asociacións seguintes:

ACD. Dorna  
AC. Lajareu por Barlovento  
CN. Illa de Arousa  
ADC. Rabandeira

Citáanse nomes e DNI,s. dos asinantes.